

**O CAMIÑO DA ESTRELA**  
*Escritos de Galicia*

*Carlos Rodrigues Brandão*

*Também a pedra  
Se há estrelas, voa.*

*Gonzalo Balester*

*Aos da Galicia, de Santiago e de Brión, de Santa  
Maria de Ons. Aos de  
alá. Isto é: de aquí.*

## *sobre eses poemas e lendas*

*Estiven en Galicia en algunhas ocasións. Morei en Galicia por dúas veces. Unha en 1992 e outra en 1996. Vivín en Santiago de Compostela. Percorrín a pé camiños, estradas e carreiros que, xuntos, ben deben sumar máis có Camiño Francés de Santiago. E durante unha semana, entre Ponferrada -no Bierzo- e Compostela, andei canto puiden o meu propio Camiño da Estrela. Vivín en Santiago de abondo para ter calcado case todas as rúas, lousadas de pedra e de memorias antigas, e algunhas delas repetidas unha e outra vez. Pro foi nas aldeas e nos camiños delas onde vivín a experiencia da miña Galicia profunda. Nas aldeas de Brión, preto do Camiño que vai de Santiago ao cabo Finisterrae e, de maneira especial, nas aldeas da parroquia de Santa María de Ons, convivín as longas horas dos moitos días de quen desexa encontrar e ouvir, entre o viño, o silencio, os ruídos da natureza e a palabra, as persoas, as pedras, os tempos, os xestos, as escenas que van dun voo de gaivota a unha festa do santo padroeiro, e mais as memorias dunha xente cos cabelos prateados so boina negra e chapeo de palla. E elas acabaran sendo a substancia de case todo o que escribín aquí. Quero lembrar agora os seus nomes de aldeas: Ons de Abaixo, Fonteparedes, A Igrexa, Pazos, Salaño Pequeno e Salaño Grande.*

*Velaí porqué os poemas en prosa, ora curta, ora longa, e as lendas que criei dos mitos que oín contar falan tanto de Deus como dos homes. Falan de seres que mesmo agora parecen vir doutro tempo. Palabras, oídas algunhas, lembradas por min outras, que desexan vir de outras eras para os tempos de agora.*

*Algúns de persoas e dos seus libros ou palabras que recordan lecturas sen as que eu non tería escrito o poema que elas e eles finalizan.*

Carlos Rodrigues Brandão  
Campinas, outono de 2007

## *Guieiro*

1.

### *O Camiño*

Introito

Deus

Camiño

Santiago

Peregrinos

Cogomelos

Mortos

Peregrino

profecía

2.

### *A Aldea*

Ventos

Outros

Minia

Torres

Irmáns

Paxaros

Gaitas

Trigo

Sar

Ons

Meiga

Xacigo

Outono  
Tardes  
Presenza  
Festas  
Gaitas  
Gadaña  
Madeiras  
Trasgos  
Bordados  
Benigno  
Liño  
Sol  
Valados  
Piñeiro  
Viños  
Corredoiras  
Cavhielos  
Amelia  
Lareira  
Oficios  
Albanel  
Terras  
Tambre  
Carballeira  
Chapeus de palla  
Oliveiras  
Mariñeiros  
Rosalía

1.

## *O Camiño*

### *Introito*

Oe, atende. Agora compre escribir. Gravar na pedra, riscar no barro, entallar na madeira, na pel do tempo, na alma das xentes. Deseñar na tea como os do oriente. Dcir por escrito, para que quede. Escribir letras, palabras, frases que vivan algo máis ca nós no papel. Así, para que un día alguén veña e lea. E, lendo, saiba. E sabendo, lembre. É preciso grafar, liberar as palabras do seu voo e traelas de volta ao niño. É preciso escribir, porque de repente as cousas mundanas flúen e pasan máis á presa que as persoas. Elas viaxan sen volta de un lugar a outro. Aparecen e sómense sen deixar rastro. Xorden e por un tempo permanecen. Mais de contado abren as as e na distancia apáganse. E aos poucos, sen camiño de volta, almas de quen elas eran van ficando esquecidas de existir.

## *Deus*

El veunos. Nós, os do noso círculo, estiveramos preparándonos por eras e eras para aquel momento. Primeiro un dos nosos encontrou os sinais no toro enrugado dun castiñeiro do souto. Parecían formar palabras nalgunha lingua estraña, esquecida. Con todo, un dos nosos traduciu isto: virei. Despois, tirando coa man esquerda unha pedra no lago por tras da aldea e lendo a ecuación dos números na ondulación do remuíño, outro da nosa xente estableceu o lugar e a data: a noite de onte, solsticio de inverno. Fomos ata alá procurando precisar o lugar exacto pola variación do rumbo do vento nos nosos corpos. Chegamos ao lugar e era un círculo de sete árbores nun claro do bosque. Do que vivimos entón podemos dicir estas cousas: para alén das medidas humanas, para o tempo e o espazo, Deus chega cando vén. El chéganos por medio de anuncios case incomprensíbeis, como o suave murmurar das follas da faia ao vento de oeste. Nada lles adianta aos homes estableceren datas con meigallos que soamente serven para o anuncio da chegada das chuvias e dos fillos. El nos ven e nos toma. E é todo, e é só. E o que nos toca facer é responder si ou non ao que, entrementes, xa aconteceu. Sen que ninguén de nós dixese nada aos outros arredor do círculo, aprendemos a saber que, se con un mínimo xesto dos sentimentos, dixermos a palabra non, Deus, atento, se irá como veu e non nos aplicará castigo ningún. A perda da súa presenza xa é bastante. Se do fondo do corazón dixermos un si, el plantará en nós unha pequeniña semente. Só entón estas antigas palabras: polos seus froitos os coñeceredes, serán descifradas. Pois todo o ben é unha planta sementada no ser de alguén e que algún día creceu. E todo o mal é apenas a súa falta. Como aquela figueira. Dixemos si e ninguén de nós pronunciou palabra. Diante do misterio de nada acontecer alí, nós calamos e, se algo dixemos, soamente El oíu. Pois, cando nos pareceu chegado o momento, unimos a prece escrita nos nosos corazóns e o máis vello de nós murmurou sen ninguén escoitar nada esta outra prece: ven. Houbo apenas un estremecemento nas follas dos gallos dalgunhas

árbores

preto de noso círculo. Un paxaro da noite chiou e os que ousaran abrir os ollos dixeran que por un momento a noite tornouse soamente un pouco máis iluminada.

Como acontece tantas veces en maio, a lúa por un intre saíu de detrás do manto das nubes. E foi un intre. Mais, se escribo isto, é porque desde aquela noite comezamos a crer sen temores que algunha cousa estraña e feliz crece entre e dentro de nós. Non temos aínda palabras para dicir o que sentimos, mais é tan forte que onte un dos nosos dixo: será preciso crear palabras novas. Así é que, antes de que aconteza o que acreditamos que virá, algúns dos nosos trocaran arados por bastóns e, sen cintos nin alforxas, resolveran partir sen rumbo ningún para contarlles esas cousas aos outros. Tres de nós ficamos para dicirlles aos nosos as palabras que esperamos que nos veñan en soños. Tamén algúns outros non saben aínda que dicir, mais comasí eles calzaran as súas sandalias e, lendo rumbos dos lugares do mundo entre as estrelas, partiran.



## *Camiño*

Houbo un tempo cando este Camiño da Estrela pasaba preto de aquí e ía ata o lugar a que os antigos chamaban Finisterrae. Alí era a fim-do-mundo e, despois del, o grande mar-océano sen fin existía ata as augas de un lugar calquera. Foi antes. Eran tempos en que os homes medían o vagar dos anos co pasar das estrelas e, as mulleres, con areas. Era cando se podía crer en Deus e imaxinar un ceo enriba nosa moitos chanzos de escadas infindas. Pois as terras por onde pasaban gados de cor habana e tamén os homes tiñan unha vida case igual cós bichos, e convivían con eles, coas plantas e coas persoas por entre outros verdes de outros tempos. Ao longo do camiño por onde a mañá acendía o desexo de partir e a noite o de chegar, o anunciado Reino de Deus era suave e existía nas nosas almas de campesiños rudos e nesas chairas e montañas de bestas bravas. A palabra peregrino non existía aínda, e os anxos sen medo roubaban mazás nos pomares dos homes. Iso foi moito antes da era en que, lonxe de aquí, algúns homes e mulleres ardían en fogueiras por causa de tres palabras, e os magos lavaban do rostro pinturas de cor ocre e escondían das fillas os segredos da vida. Foi cando a cada lugar demarcado ao longo do Camiño da Estrela lle correspondía o exacto brillo dunha única luz do ceo a unha precisa hora da noite entre marzo e maio. Algúns vellos daquela acostumaban a crer que, se entre os Pirineos e o Cebreiro alguén na noite estivese alí, no lugar exacto so o brillo a chumbo de unha estrela, tería a vida eterna aquí mesmo nesta terra, entre esas pedras. Algúns foran e non voltaran nunca. Eran aquelas as eras, e de moi lonxe chegaban levas de persoas e aos seres da terra e do océano algúns pastores erguéranlles altares dunha pedra escura que, de procurardes ben, poderedes encontrar aínda en ruínas. Entón, despois foi cando xurdiran outras palabras e, xuran os de antes, algunhas outras estrelas de misterioso rumbo. Para algunhas delas ata hoxe faltan nomes. O Camiño da Estrela pasaba por vilas e terminaba alén de Fisterra. E alén do mar non se sabía ata onde ou cando, porque din que quen ata alá foi, non voltou nunca máis. Despois viñeran de máis lonxe outros homes, magos de outras terras, vestidos de negro, con bastóns e cruces. Nunha

lingua estraña aos nosos de entón dixéranlles que o Camiño da Estrela debería, de entón en adiante, acabar lonxe do mar, nun bosque. Nun lugar entre espiños, onde -escondido no entullo dun templo- habería un lugar onde unha noite cada sete anos brilla unha misteriosa luz nin da lúa nin de estrelas. Alí estaría sepultado o corpo dun home chegado doutra terra e por outro mar. Así sería. Niso desexaran crer algúns dos nosos avós antes de falar galego. E así fora. Saíran de aquí e viaxaran para o leste e foran contar aquelas novas aos que viñan. Desde entón e despois das palabras galegas, tamén os nosos pais e nós queremos crer, peregrinos de estrelas camiño do corpo dun home de outras paraxes enterrado preto de aquí. E así pensamos que haberá de ser por moitos séculos. Ata cando alguén veña de máis lonxe e noutra lingua conte aos que estean aquí, cando os netos dos nosos netos tiveren partido, outra historia. Foi sempre así, cremos, mais agora queremos crer a nosa lenda.

## *Santiago*

Cando el me chamou atendín. Guindei co que tiña e fun. Algúns deixaran barcas e redes. Eu, a miña propia memoria de antes. E máis á presa có Pedro, que foi aínda gardar as redes e despedir a familia, fun. Cando el me dixo: ven comigo, primeiro fechei os ollos. Se os abrise e non vise o rostro daquel home, tería sido un soño, unha imaxe de tardes de grande sede, e eu estaría libre. Fechei os dous ollos e deixei de ver por un momento a súa túnica medio gastada, medio suxa como de quen camiña sen termo e sen o tempo dos coidados que as mulleres e as augas lle dan ás roupaxes dos homes. Deixei de ver os peixes na area e a area da beira do lago. Os montes ao lonxe e entón non sei qué vin detrás das pálpebras. Cando abrín os ollos el estaba pé miña, e repetiu: ven. Fun. Foi apenas isto e camiñamos xuntos por estradas que nin el nin eu coñeciamos. E comemos do mesmo pan, dos mesmos peixes. Durante meses camiñei con el e oía, cos outros, as súas estrañas palabras. El contaba historias para revelar segredos. Gustaba das súas lendas, ora inocentes, ora terríbeis, de ovellas, sementes e luces de candeeiros debaixo da cama. Nalgunhas aldeas dábannos unha comida mellor que un molete sen sal. E dábannos viño. El tomaba e deixaba beber. Unha que outra vez remanecía máis alegre e esquecía mensaxes e falaba de cando era cativo en Nazaré. Lembrábase do amor como unha estraña palabra e dicía profecías sobre un reino dos pobres. Nunca o vin, ese reino prometido. Existe? Cando el morreu pensei voltar á casa. Mais entón eu era outro e non sabía a qué voltar. A quen. E non sei porqué, acabei seguindo os outros e aprendín con eles a falar no seu nome en dúas ou tres linguas máis. Quería contar as súas historias, pero trocaba as ovellas polas cabras e nunca sabía como rematar. Cando preguntaban por algunha razón de todo aquilo eu sorría, e riamos xuntos. Aqueles a quen eu debería comover rían comigo e ríanse de min. Gaguexaba as palabras e non sabía de certo qué dicir. Mais dicía. Dixen e acabei querendo crer no que os que me oían acreditaban antes ca min. Viaxei por aldeas. En troco duns anacos de pan e un chopo de viño repetía de novo as mesmas historias, cada día un pouco mellor. Pensei en ser apenas un deses pequenos poetas errantes doutros pobos, e coido que por iso fun aumentando as parábolas e creando outros personaxes e entreactos de dramas. Foi

cando un día, preto de cando todo aconteceu, viñeran sobre nós unhas lapas de lume. Continuei a falar, con menos dúbidas. Pregaba con brados, os brazos ergueitos e, con menos improvisación, procurei ser fiel. A que? A quen? Neses oficios de sementador do oitavo día había entre os nosos outros mellores ca min. Dous mozos me seguiran. Oín dicir que Pedro e os outros lle chamaban o Camiño ao que pregabamos. Comecei a chamarlle así tamén. Logo, os que cruzaran con Pedro e algúns outros viñéranme contar os prodixios que eles facían. Coma El, sandaban doentes e dábanlle a vista aos cegos. Non o quixen crer, pois nunca fixen pola miña conta e en nome del prodixio ningún. Lembraba as historias que oín e gardei, e contáballelas aos outros: saíu un sementador a sementar. Os adultos, case todos, abaneaban a cabeza. Mais as crianzas pedían: conta outra! Cando dixeron que me irían matar, respondín apenas: um día había ser, que sexa hoxe. Nalgún lugar lonxe, noutros tempos, outros homes camiñarán noites e días en busca dos meus sinais. Estarei morto, mais haberá en fin un camiño.

### *Peregrinos*

E despois viñeran eses: eses reis coroados, pro a pé. Viñan vestidos de escuro, con caxato e unha cuncha de vieira nas costas. E o traxe, marrón, como de monxes. E viñeran esas mulleres, princesas e aias. Mulleres de seda e mulleres descalzas de pé e perna. Algunhas eran virxes como o primeiro día dun mes, e de outras sóubose que tiñan raros nomes, tan difíciles para nós, mais pronunciados con veneración nos seus reinos do norte. Viñeran elas e a pequena corte dos seus seguidores. As máis fortes camiñaban no sol de xullo longos treitos de sendas polos montes. Lían cando paraban so a sombra dun castiñeiro algún libro de capas claras, e as máis vellas murmurábanlle ás servas: algún día... entón. Outras, fráxiles, viñan polo camiño de acabalo de facos mansos ou mesmo entre os veos brancos dalgunha liteira. Viñan do leste e debo dicir que traían no corpo algúns sinais de penitentes. Vin dúas delas, en dous outonos, sentadas como as mozas da aldea sobre unha pedra dura, comendo coas puntas dos dedos a comida amarga dos pobres e sen sal nin viño. Falaban linguas descoñecidas e pónome a pensar como Deus as entende. Mais foi por isto mesmo como algúns dos nosos imaxinaran seren elas santas ou señoras de estraños poderes. Pois quen fala o que non se entende soamente pode dicir palabras que os anxos ou os diaños oen. Deixaran tanto e viñeran, dixo a carón do

lume unha vella un día. Morreu outra tarde cun rosario entre os dedos e murmurando co titubeo dunha fala moribunda o nome dunha muller de longas trenzas que ao pasar lle tirou unha moeda de bronce, onde dun lado había un lobo e do outro un corvo. E viñeran tamén os pobres do milenio e eses eran tantos que para contalos precisariamos doutra aritmética. E eses eran en setembro como as áreas dos camiños, innúmeros, incontábeis. Cantos moletes de trigo escuro e de centeo para lles matar a fame? Coas roupas en tiras e os pés feridos, viñan sucios, mais cantaban e algúns bisbaban longas preces aos ventos. Chegados do Camiño e felices, eles viñan desde Ponte la Reina e ata máis lonxe, do leste e do norte, porque cada mañá non prevían promesas de salvación eterna, mais apenas entre a névoa e os montes, as torres da catedral en Compostela. Despois, soñaban a sopa quente e o chegar ás súas terras e dicir aos outros: eu tamén fun!

### *Cogomelos*

Durante as horas de peregrinar, no longo ir dos días pola punta de moitos dedos, os días do Camiño da Estrela, entre algunha cidade de nome estranxeiro e o promontorio onde a Terra acaba, son pequeniños, son fráxiles e, aquí e alí, case apagados, case escondidos, eses cogomelos de cor amarela: na parede dos muros, na madeira das portas abandonadas, na casca dun toro liso de árbore de nome ignorado, ao lado do rostro un día grego dun chafarís de aldea, no brazo amoroso dunha ponte dos romanos, na face repintada doutros sinais, na sorpresa dunha placa de estrada, eses pequenos fungos amarelos. Velaí están eles. E ao peregrino dinlle no indicar un único rumbo, o camiño por onde ir. É só buscalos entre outros mínimos sinais, e achalos. E, despois de estar perdido entre vereas, dicirlle a Deus e aos pés: é por aquí! E sempre é. E os que buscan ao final do Camiño un túmulo, un corpo, acaso saben quen máis sagrado ca eles son esas setas amarelas pintadas en muros e pedras, e dinlle a quen pasa: aquí é o Camiño?

## *Mortos*

Apenas fomos antes. Os que partiran no tempo das primeiras neves viñeran chamar a outros da xeración dos que inventaran a palabra aldea para nomear o lugar onde vivían en casas de pedra e no xaneiro acendían lareiras contra os ventos do inverno. Fomos coma eles. Eran fillos de mulleres dun tempo anterior, cando por aquí eran outras as palabras e os xestos de amor entre macho e femia. Cando no canto dos cruceiros de agora que os nosos aprenderan a erguer sobre mastros de cantería nas encrucilladas dos camiños, había nas pedras dos montes sinais gravados en baixo-relevo: círculos, espirais, estrelas. No tempo debido eles viñeran chamar a algúns de entre os máis vellos. Viñeran chamar. Foi todo. Os que temeran a chamada non oíran e finxían durmir. Mais nós puxémonos de pé, calzamos sandalias e fomos. É isto a morte? Fomos. Anticipadamente arrebatados a un longo sono nunha morada, dunha estraña luz, crían eles! Todo foi no medio da noite e nalgunhas casas os outros soubéranos apenas cando veu o sol. Na casa da madrugada, como quen ao cabo adormece por un longo sono sen medo dos soños. Como quen atende ao chamado de outros, descoñecidos e

amados,estabamos en paz. Fomos por unha icona de claridade, namentres antesde dormir na miña casa a muller estendía so o ferro de brasas a roupa escura. Despois soubemos que entre prantos algunhas vellas dicían oracións. E nós, do outro lado dos camiños da aldea, sen podermos dicirlles que atendiamos un chamado. Foramos escollidos e iamos como quen desexa. Saímos de viaxe, en canto os parentes e os veciños levaban vestidas en roupas de festa as nosas cascas. Os que partiran antes, ao tempo dos primeiros bois e do millo, apareceran entre faias e olmos. Se eles brillaban de luz, non o percibimos. Vimos os seus rostros e eran como os nosos. Tiñan apenas o ar de quen agora vive alén dos calendarios. Nada. Apenas fomos indo polos mesmos campos de sempre cos corpos un nada máis leves. Eramos tres e cando por acaso nos tocamos cos dedos, eramos entre o trigo e a garza. Mais adiante andamos sen mollar os pés por esas mesmas corredeiras enlamadas. Só máis adiante os camiños familiares fóranse apagando. Á volta dunha curva da estrada un sol doutro diferente rostro nos acolleu. E foi só entón cando unha claridade inesperada nos envolveu coa súa rara luz. E aos poucos albiscamos que algo dela viña de nós. Foi así. E así, a pé, chegamos a ese lugar. Como quen nun momento, entre un grolo de auga e outro, fose arrebatado a unha mansión de luz. Agora, pasado o tempo do silencio, como nun soño, eu cóntovolo para que, en fin, saibades e...

*Marie Luise Kaschowitz, in Vida Eterna? de Hans Kung, pg. 202*

## *Peregrino*

Foi en silencio. Vino eu só. Mais todos por onde eu pasaba me podían ver, pois repousaba de noite onde me acollían e saía ao camiño antes de alborexar o día. Non andaba ás furtadelas, como o home que por un intre deixa o carreiro, e apaña uns vagos na uveira e ouriña coma un cómplice, disfrazado de ausente, arrimado a un muro. Sei que os bos están xuntos e xuntos camiñan. Tócanse, cando é debido, oran as mesmas palabras e reparten o pan, compañeiros. Frétanse os pés uns aos outros e, como nos evanxeos, cargan entre eles os fardos de todos. Cuidan dos febles e pola noite contan casos doutros tempos, como se fosen parábolas. Eu vin vindo soíño, desde Puente la Reina ata Santiago. Quería cargar comigo unha grande ausencia. Na porta dalgunhas casas eu anunciaba o meu destino sen dicir o meu nome e pedía o pouso e nunca o pan. Pois, sen ningún orgullo –e quero que saibades isto– trouxen os meus pans no fardel esfarrapado. Si, porque sempre procurei en cada codelo o sabor das mans das vellas de miña aldea. E así, ao comer, eu medía polo número dos que me restaban, os días de miña xornada. Cando comín o último cheguei aquí neste lugar onde ti me ves. Aquí, na porta á esquerda da entrada do portal desta grande igrexa de pedra. Tampouco aos anxos lles pedín cousa ningunha. Se eles non atenden aos



poetas, acaso oiríanme a min? Ao sol si, eu suplicaba o seu calor, pois era xuño. E pedía ao vento que sopraba na dirección de miña Terra, xa que os de miña raza somos un desexo de non ter presa nin destino. Preferimos o deserto á terra prometida. Existe un Deus? Entón non mora en ningunha parte. E ha de ser o comezo de todos os camiños e non se encontra onde eles terminan. Ningunha catedral o aprisiona, pois o corazón do home é o seu tellado. E foi así como nesta grande catedral ata onde un dos moitos camiños me trouxo, non acompañei os outros en pousar as mans contritas e os labios na columna e, despois, no túmulo onde din que xace un home doutras terras. Non! Coas dúas mans toquei as pedras do lado de fóra do templo e murmurei así: Deus, se existes, estás aquí. Non vin sinais. Se o estraño home santo que se honra aquí foi un peregrino coma min, entón somos irmáns e as nosas almas saberanse achar. Creo no sentido e no acaso, e iso me abonda. Se el foi mesmo un propagador da memoria dun home-deus, quero a súa carta e non quero a casa. E se el foi un guerreiro, como contan algúns entre Roncesvalles e Vilafranca do Bierzo, é mesmo bo que estea morto. Pois o destino dos que matan é a morte. Andei ata aquí. Ollade os outros: algúns voltan, cumpridos os ritos de piedade. Eu voltarei cando esta vela acesa no chan se teña consumido. Ou, antes de retornar aos meus prados de carneiros, tal vez eu estenda a xornada ata un lugar onde dicían os antigos que a terra enteira se acaba. Talvez alí eu encontre respostas ás miñas preguntas. Mais, terei eu preguntas? Desconfío que sexamos ao mesmo tempo a lembranza e o esquecemento da fragilidade da vida. Os cans que nos ladran polo camiño saben disto.

## *Profecía*

Despois de Compostela algúns proseguen o Camiño e viaxan ata onde a terra acaba no mar sen fin. Escuro e tormentoso mar despois de onde dicían os sabios e as gaivotas, nada existe fóra das augas e o sal. E así pasaran por esas pedras de aquí algúns homes acostumados ao carballo e ao recendo da canela. Algúns viñan armados de fachos e interrompían mesmo no inverno o andar para o baño e as preces. O rostro volto cara o levante, e despois seguían, porque había os que camiñaban noite a dentro. Mais non chegaban alá antes que os que partían ao abrir do día e vestían túnicas da cor dos ollos de Deus, dicían. Despois foi o tempo de pasaren por aquí algúns sabios e músicos de lentos pasos e ata hoxe se fala de dous ou tres que camiñaban lendo salmos e astrolabios. Algunhas músicas que os máis vellos lembran, fálase que foran antes cantos deses homes. Eran raros homes de doces palabras e barbas espesas. Algúns xa do meu tempo viñan por aí co ar de desalento de quen sabe que non chegaría a parte ningunha. Ían. Outros, raros, os de pasos máis lentos, viñan coas esposas. Por causa delas algunhas veces chovía en xullo e a arzaia

floreecía en maio. Unha un día dixo así: non sei para onde imos, mais sei para onde eu quero voltar. E outra dixo voltando a nós o rostro cando xa ían dobrando a curva despois da ponte na estrada: son como as follas os homes; aman o vento. Nós somos zume; un pobo de augas. Así foi antes de min e antes, ben antes do meu pai. E logo virán outros. E farán o mesmo camiño. Mais xa serán entón outros e non lembrarán máis como dicir as sete palabras en secreto, cada unha ao inicio dunha nova xornada. Traxados de sedas e de botas claras, pasarán por aquí sen preguntas. E porque aínda camiña quen xa non trae máis preguntas? Despois cesará ata mesmo o tempo desa especie. Dos seres humanos esas outras tribos de viventes non oírán máis a cítara e o salaio. Establecerase o silencio das palabras e o rumbo que tomaban en busca da fin da terra estará ao cabo libre de preces e de poemas. Pasarán por aquí os bichos das catro estacións e o sinal de seu tempo será o tardo voo sen presa dun paxaro que aínda non existe. Pasarán a fío os cabalos ceibos do cabestro e as bestas dos montes. As que se alimentan de follas, as que viven debaixo da terra e as que comen a carne de gacelas. O derradeiro haberá de ser un unicornio. E ata eles deixarán de pasar e virá ao cabo a era e o tempo das árbores e dos anxos. Eles sementarán outra vez o piñeiro e o baobá. A terra abrirá onde foi este Camiño as vereas de seu corpo e ela entre a montaña e o mar desaparecerá so un bosque sen nome. Seguirá por aquí o vento, o último peregrino. E, ao pasar, a cotío dirá para que ninguén escoite: quen lembra quen pasou?

2.

## A Aldeã

### *Ventos*

Primeiro viñeran as idades en que unha palabra dita entre dous quedaba suspendida no ar unha noite enteira. Viñan os sinais do día, os ventos, os abrentes do traballo sobre a terra en que o sol da mañá se reflectía nos paxaros, no ladrar dos cans, no fluxo das augas movendo muíños, no boureo dos pícaros camiño da escola e no caer de dous ou tres froitos maduros no chan. Viñan, e o que se dicía perduraba coma un recado, un poema, un indicar o rumbo por onde se vai. Ficaba alí suspendido no ar, coma un canto, coma un berro. Din que cando un dos homes daqueles tempos morría, aos sete días o seu corpo desaparecía de so a terra. Acostumáranse a crer que nela eles se ensumían sen deixar pegada ningunha, e os zumes en que se transformaban nutrían as raíces das árbores. Nunca se soubo certo, mais así se cría. E dalgunhas

árbores de aquí dise que teñen mil e máis anos e semellan eternas. Un deles un día quixo ensinarlles aos de aquí os artificios de silenciar o vento. E os ventos viñan do mar e no gume dos curutos das illas do norte afiaban os dedos antes de pasaren xélidos por esas terras de montes altos. Os nosos antigos corrían a eses altos con altares. Ían primeiro os homes e, despois, as mulleres sen fillos aínda. Ían armados e contra os ventos brandían fouces e coitelas e instrumentos de lidar co balume. Berraban palabras sabidas, fórmulas de exorcismos de que a razón dos nosos non lembra cousa, non sendo un nome de Muller Ádega, e o costume de riscar con bastóns no chan tres círculos, como se un aprisionase o outro. E acostumaban sacrificar roxelos sobre aras de pedras e espallar a la e o sangue os aire. Mais algúns ventos pasaban e derrubaban casas e devastaban montes. Foi cando outro veu de lonxe. Ao ver os nosos en desespero, en tempos cando os ventos sementaban os horrores, levounos ao lugar máis alto e díxolle aos homes: tentade dende aquí todos xuntos; vede se conseguídes parar os ventos! E sabendo que non eran capaces de tal, como de feito non foran, e vendo as lágrimas nos ollos dos máis vellos, dixo isto: un xigante competía con un meniño. Lanzou aos ceos unha pedra tan alto que ela tardou tres días en voltar. O meniño abriu as mans e soltou un paxariño. El voou lonxe e non voltou nunca máis. Non podeis deter o vento, homes de aquí. Mais estades de pé! Podeis resistir e podeis permanecer. El pasa e estades aquí. Con esas mesmas armas que erguedes impotentes contra o vento, saberedes reconstruír cada cousa que co seu sopro guinda no chan. Velaí como cada vez poderedes vencer o vento! Desde entón os homes de aquí ensináranse uns aos outros a non armar máis garamelos inútiles de liño e pedra contra os ventos. Mais cada vez repoñemos xuntos a desorde da súa pasaxe. Erguemos muros e hórreos. Reparamos xanelas e lareiras. Replantamos hortas, herbais e campos de trigo. Enterramos os mortos entre cantos. Cortamos os toros das árbores caídas e coa súa madeira facemos zocos, carros de bois e apeiros de labranza. Aprenden os ventos? Non sabemos. Mais de era en era eles voltan máis mansos, sen as furias dos primeiros tempos. Algúns, suaves como a brisa que mal bambea as roupas na tarandeira, nos axudan a espallar sementes polo campo.

## *Outros*

Será que teredes marchado, ei, rostros? ei, nomes? Teredes mesmo silenciosamente partido e agora vivides alén da existencia e do encantamento? Teredes viaxado lonxe? Con que rumbo? Entón viñemos -nós, os últimos de nosa raza- ás agachadas a este lugar de pedras e lobos e foi en van? E cada vez cando é a lúa nova acendemos cachelas e, escondidos á sombra dun carballo, convocamos os bos espíritos e acendemos follas de loureiro e non nos escoitades. E tiramos dos faiados roupas brancas de raro uso nestas terras, e vestimos túnicas de la e calzamos sandalias de coiro cru para vir ata estes altos honrar como os antigos a vosa presenza na enxurrada da vida. Onde quer que fósedes, estaredes mortos? Lonxe ou preto? E aquí estamos so o poder da noite e a penas o silencio -o non dicir palabra - nos protexe das falcatuadas do mal. E agora a lúa de xuño veu e brilla o corpo espido sobre a copa da árbore sagrada. Ollades iso? Árbores que foran, supoñemos, a morada de castañas, de aves e do voso espírito. E non ides seguir aquí? Como? Se elas crecen e dan, cada unha ao seu tempo, a flor, o froito? Ollade, rostros amados: á beira do Tambre

continúan a crecer os salgueiros, os ameneiros, os freixos, os carballos e os castiñeiros. Pro, como vai ser se non seguides aquí? Se non presidides coma antes o curso da selva, a cor das augas? Quen, dicídenos? Quen, ouh seres de noso rostro, está presente e oculto aquí para ordenar a lenta arquitectura da vida? Que outras mans? Que outros xestos de algún sementador do oitavo día substitúen os vosos, cando da terra que unha tarde pisastes antes que nós, sae a primeira herba do trigo? Quen en lugar vosa lle ordena á uva que madureza e despois protexe do vinagre o viño nos pipos? Cando a cabra paire a súa cría e cuca o cuco ao pór do sol, quen? De onde virá agora, se vós marchastes de aquí, quen estableza a previsible orde da materia da vida entre as estacións de cada ano e concerte o ciclo de seus ritos? Quen? Se o ar de vosa presenza e o vigor das vosas almas xa non ha de estar máis aquí entre nós? Quen? Escollestes a fuga e o esquecemento cando chegaran por aquí eses outros? En que puístes as arestas de vosa antiga forza primaria, como as augas do Sar afían as pedras das súas marxes? Ollade! Tendes perdida –ei, nomes que non sabemos esquecer– a lapa de lume que antes nada represaba? Ríos da luz das augas da espera e do longo voo? Seredes agora o pequeno lago de sombra cinza onde as femias dos bosques van beber auga cos pés atolados na lama? Vós que noutras eras fostes, entre a Amaía e o Xallas, o vendaval e a tempestade, seredes agora a brisa de marzo? Un deses ventos domados em uen as mozas de Luaña enxugan as súas saias? Seredes agora pequenas ndas de movemento que mal bambean os cabelos de quen sega o centeo?

Ei, rostros incontables, déstesvos á preguiza e ao outono? Ai, non! Vós, os nosos, antes lembrados ata nas cántigas de cando a avoa envolvía a neta nacida dúas lúas atrás en peles de ovella e cantarolaba para que ela adormecese segura de que, se estades no canto, estades no mundo. Ai, non! Pois en nós, seres de noso rostro, na nosa memoria e no noso corazón nunca silenciado, en nós que aquí estamos e, coma vós en vida, nos chamamos, Xosé, Xoán, Pedro, Manuel e Santiago, nomes dados por outros despois de vós, entre a auga, o sal e o óleo, en nós que ata aquí viñemos e viremos outras veces, estades vivos como sempre e viviredes. E viñemos aquí –ai, rostros dos nosos outros– para vos lembrar os nomes e vos dicir isto.

## *Minia*

Morrín como mil. Mais a min déranme este nome Minia. Por iso as outras, mozas na morte coma min, foran virxes e, algunhas, mártires. Eu son santa dunha historia que non se coñece, pero que se cre. Non me lembro de milagres e miña nai ocupábase de min como das outras. Agora durmo sobre sete almofadas dentro dunha urna de cristal, non moi lonxe de aquí. Os homes teiman en rematar a casa da miña igrexa en Brión, entre a grande catedral e o mar da fin do mundo. Pero din os que me trouxeron das terras de areas que, cando acabaren o meu templo, acabará tamén o meu mito e non haberá máis nas noites de setembro acender de velas longas con que me piden fillos e froitos. Por iso, ata hoxe quedei así: metade pedra e metade sombra, deitada dentro dun lar de vidros, coa cabeza apoiada sobre sete almofadas de seda. Eu, Mínia. Elas chegan diante miña con longos panos á cabeza e longas velas de cera na man dereita. Espían agarimosas o meu corpo de morta. Oio como un murmurio de pequenas ondas traendo á praia as súas voces.



Entendo seren preces e non sei se dirixidas a min, que esquecín de orar, ou se a un Deus que non precisa dos seus rogos entre suspiros para saber que destinar a unha xente que xa pide a saúde da filla, xa a prosperidade das vacas.

Mulleres como fun eu un día, e que precisan vir aquí ver o meu rostro para descubriren os seus. E sei que elas saen despois en silencio, contritas e certas de que a vela e a voz acesas diante de min fan o milagre que esperan. E saen fóra a escoitar as gaitas, a tomar viño tinto e a comer polbo. Quen delas erguerá a cunca e lle dirá ás outras, a Deus e a min: ei, Mínia, muller coma nós?

### *Torres*

Sequera unha vez na vida saberemos como pórle voz ás pedras? Mellor que os fráxiles papeis onde os homes armados de madeiras pensan escribir para a eternidade, aprenderemos a deixar a estes pedras talladas por canteiros dicir a todos so esta sombra da tarde dun outono, aquí, no alto deste monte, cal é o segredo oculto tralas iconas? Pois os que aquí viviron gastaran días e noites das súas vidas asentando canterías e gravando nelas algúns sinais con vocación do infinito. Deseños, letras que despois dos séculos tornaranse apagadas, irrecoñecibles. Algúns emblemas con símbolos que non se lerán endexamais e que tal vez mesmo antes non dixesen cousa ningunha, alén dun nome ou un rostro hoxe esquecidos. Pois aquí, irmáns da noite, como nas vosas terras e en todas partes, a historia das idades é sempre igual: aos señores, os altos; aos servos, os baixíos, beira de pantanos, os lugares lonxe das murallas e das torres. Por iso aquí en Altamira, no lugar máis sobranceiro entre os montes, morada de ventos,

ergueran os señores do seu tempo unha fortaleza e un oratorio. Casas de guerras, templos e castelos. Hai épocas en que os homes confían máis nas pedras que nos deuses. Lugares entre o ferro e a seda no alto de onde as súas barbas longas espreitaban coas sentinelas o inimigo ou o día do xuízo final. Arabescos de area. Aquí, onde corpos devecidos e gráciles de mulleres que adoraban árbores, curvadas ao sur, agardaban bordando teas a volta de seus homes, sucios, sanguinarios, pero vivos. Altas torres de pedra, hoxe ruínas. Pois hai veces, raras e nobres veces, en que os labregos, antes esquivos e humillados, din ás avesas as preces que aprenderan e ármanse de eixadas e fouces afiadas. Ármanse doutras cancións e con elas e as mans que espaxaban o trigo derruban dos altos ermos, como aquí en Altamira, os señores dos altos do mundo.

### *Irmáns*

Que importan os nomes! Nós chamámonos Irmandiños. Cando eu ferín cõa icaraña o primeiro burato entre dúas pedras da torre, fixen isto coas forzas todas dos dous brazos. Deus diante! As miñas mans de madeira e vágoas fixeran aquilo. Se había xenreira non lembro agora, sesenta anos despois. Mais no meu arfar de mozo galego había o furor da fame. De lonxe, lembro que un dos nosos, de saio vermello, gritou esta frase: se a outros os profetas do deserto puideron dicir 'que non fique pedra sobre pedra', porqué non a nós? Os señores fuxiron. Quebrems a súa memoria! E así foi. A berro, entre blasfemias e preces, ferimos aquilo como quen veu dos infernos destruír a Cidade de Deus. E cando El viñer xulgarme saberei ollar o seu rostro de vello e de luz e direi isto: eran só dúas torres de pedra no medio duns montes da Amaía. Algunhas garzas pasaran e eran brancas. Vimos aquilo como um nuncio. Subimos aló levando as armas do traballo e non cruces de madeira. E con dous días e dúas noites da nosa furia derrubamos as pedras que o traballo dos avós dos nosos pais levantaran alí. Eles

ergueran; os señores habitaran; nós destruímos. Velaí a historia. Fomos os Irmandiños: as furias. Despois de todo, foi como sempre. Os que montaban os cabalos nestas terras de peregrinos arrecadaran lume e arcabuces e viñeran contra nós, homes do trigo e do centeo. Foran daquela os tempos do voitre e da noite. Algúns dos nosos morreran parando lanzas coas fouces. A outros trabáranos con ferros en escuras covas: os silencios. A algúns, como a min mesmo, marcáranos a lume e dixeran: sodes Caín! Eles non o saben, pero a alma do Anxo do Oitavo Día vixíaos de preto. Día virá! A moitos arrancáranlles o corazón para guindarllo aos cans. Restamos poucos. Restei eu que escribo isto para que saibades o que houbo, antes de lerdes os libros ideados por eles, con letras de sangue e ouro. Unha mañá de maio –e era unha mañá ben clara– vin que o emisario de Deus me veu. E eu gritei: aínda non! E dixeran cos meus ollos nos seus: se houbo culpa, que unha luz que veña de ti me fira de morte. Non temín antes, non tremo agora! El era a penas un pouco máis vello ca min e sei que me oíu. E non dixo nada e non houbo nada. E tamén escribo isto. Porque nós subimos ao monte e fixemos caer con estrondo estes castelos de pedra. Non lembro máis. Os nomes apáganse e os xestos. Fomos as furias, digo de novo! Que os corvos e os cucos o expliquen por nós. Agora acabo; remato aquí. Un día haberemos de ser media páxina nalgúns libros da escola. Pero sabede que ata o cabo dos tempos o sinal dos nosos feitos ficou por aí. Aquí por todas partes. Para sempre, ata cando?

## *Paxaros*

Antes, cando non había reloxo, eramos o anuncio das horas, os señores do tempo. Desde a madrugada cantabamos e o sol xurdía. Diciámoslles aos campos e aos homes, coa canción e o silencio, os intervalos do día e o fluír dos seus momentos. Coa dirección do voo desvelabámoslles aos labregos os ciclos do ano. Eles escoitábannos atentos para acordar, para labrar a terra, para comer, para amar e adormecer. Vendo no noso voo e a vestimenta das épocas da vida, sabían cando sementar e cando recoller. Sabían cando casar e cando morrer. A primavera aprendeu co noso retorno do sur a voltar tamén. Non era o inverno quen nos facía ás bandadas viaxarmos ás augas do sur. Era a través del como os ventos do norte, errantes coma nós, aprendían a traer dos ceos a neve branca. Entre nós, os paxaros e os homes do campo dun tempo esquecido había ese acordo. Nós sabiamos do vogar dos instantes e eles traducían o saber dos nosos cantos en palabras da súa tribo. Xuntos creamos a poesía. Dixémoslle a eles, como entre amigos que o pasar dos anos non deixa esquecer: a nós o sur bástanos. Mais por amor a vós en canto

haxa nalgúns días de setembro unha mañá acolledora de sol, aquí estaremos de novo, unha e outra vez. Aquí, de volta.

### *Gaitas*

Foi cando os nosos devanceiros lles tiñan lei aos magos que adoraban árbores. Vían en todo un sinal e cando polo San Martiño os parrulos bravos voaban cara o sur, abrían tamén hacia alí as portas das primeiras casas de pedra. Vestían de branco, os homes máis vellos, os máis sabios. E a un deles outorgábanlle a gaita de fol que antes non existía e que aprendemos a tocar con mans limpas, pois elas apreixaban o vento e facían saír del sons que acalmaban as treboadas e facían lograr nos soutos as castañas. E cando aprendemos a armar con pelellos e madeira as gaitas, descubrimos que eramos tamén os irmáns do vento. Os que primeiro dominaran esta arte perigosa, aos ollos dalgúns, foran co tempo quedando mudos. Non volveron falar os nosos gaiteiros máis sonoros. Comasí, andando o tempo, ata as criaturas sabían descifrar nos seus repeniques a beleza e a profecía. Algúns xaxuaban en abril. De dous ou tres quedaran noticias esvaídas: eran meigos; conxuraban os poderes, sopraban as gaitas que ningunha muller podería tocar sequera coa sombra do corpo e chamaban polo nome ás estrelas. Facían prodixios, mais á hora da cea comían coma nós, coas mans, talladas de

xabaryl. Por algún tempo corría a noticia de que, cando morrían, aos sete días os seus corpos sumíanse na terra. Nós acostumamos a crer que se ensumían de todo nela sen deixar rafa, e o zume dos seus corpos ía nutrir as raíces das árbores que adoraban. Nunca se soubo, pro mil anos despois algunhas árbores que emprestan a madeira e o aroma para compoñer as gaitas, aínda son entre nós nomeadas coas sílabas dos seus nomes.

### *Trigo*

Agora, como é setembro, quero dicir estas palabras. Antes, daquela, os vellos da aldea acorrían coas mulleres e os fillos aos meus campos. Era a idade da terra en que o trigo era libre nas leiras dos labores e copiaba do sol o ton do ouro. Eses ruídos de máquinas non se oían en parte ningunha, e o bruar dos bois xunguidos aos carros era como un navío saíndo do porto en maio. Algúns de nós, os máis novos, case sempre gustaban de se imaxinar os mestres do tempo e da materia, apenas porque conseguimos trocar por ferro e aceiro a punta de madeira dos vellos arados. E era cando, mesmo sendo pobres, traballabamos cantando. Por iso era máis doce o pan que as mulleres cocían nos fornos de leña. E cando coas súas mans suaves e sen calo ningún o crego que viña ata as aldeas e elevaba en dirección da cúpula da nosa pequena igrexa un pequeno círculo de pan trigo, anunciando que aquilo era o corpo dun deus, os outros baixaban ao chan os ollos. Eu non, humilde e crente, mais sabedor de nós, eu quería ollar de fronte aquilo e dicirlles aos meus e aos ceos, como unha prece, como unha

beizón: arei, sementei, sachei e recollín: que agora El me olle cara a cara!

### *Sar*

Esta é unha historia descoñecida e aconteceu hai moito tempo no calendario dos homes. Cando o Galileo parou nas miñas orelas, dixo: dáme un nome; líbrame do mal. Respondín: aínda non é o tempo. El escoitoume sen falar. Eu dixen: busca outro río, máis ao norte, ben máis a leste, e maior ca min. Alí vive un home cuberto de peles e fatigas. Come con el mel e saltóns. Despois dille a el o que me dis a min e a resposta virá das augas e non del. Como sempre foi, se os ríos non guían aos homes, eles pérdense e chámanlle a esta perda destino. Despedín ao Galileo con estas palabras dos meus murmurios entre augas e pedras. Cando El ía xa ben lonxe e camiñando ao leste se afastaba do meu leito, gritei aínda: prepárate! Despois virán as palabras de que un deus se alimenta, algúns xestos con cuspe e barro, e o sufrimento. Foi cando el se virou e berrou dende lonxe, e eu case non oín: e virán o día e a noite. Espera, agarda! E haberá de vir de aló unha barca de pedra.

## *Ons*

Escusado procurar o significado do nome de Ons. Palavra dun único sopro que, segundo algúns, quere dicir moito noutras linguas e, segundo outros, nada. Un son, como un bear, un sopro de vento, un sinal do arfar de Deus cando coloca so a terra unha semente. Os dicionarios son omisos. Suxiren apenas lugares sen desvelar o misterio oculto na palabra. O seu son, quen o conxuraba? Pensan que porque saben da historia, coñecen os segredos das orixes. Eles contradinse, mudan cos tempos. Ás veces a penas se enganan, ás veces menten. Mellor así.



## *Meiga*

Ando ás voltas coa cegueira. Fecho os ollos e vexo. Hai noites de outono entre a lúa nova e o minguante en que esa camada de carne suave ten dores de pedra. Son as miñas dores, prisioneiras do espanto e do espello. Non lle hai que facer, agora, cando os homes que labran cruceiros nas estradas din que os feitizos son enganos. Ao norte de aquí algunhas mulleres foran queimadas por iso. Tento ver os seus rostros na beira dos lagos. Mais non. Mellor que fiquen pegadas aquí, nalgún lugar dentro de min. Algunhas outras, mulleres de aldea ou seres que sobrarian das nosas razas antigas, antes de todo iso acontecer, acaso sabían do inexistente, procurando ás apalpadas coa pel engurrada das mans, xa que para algúns entes da noite elas enxergan mellor que cos ollos. Así os meus, que xa me escapan por se libraren de min. Xa busquei tanto! Tiña poderes e podía curar doenzas con algunhas palabras e o tacto dos dedos. Agora non, e procuro abrigo. Alguén que non me tema e abra a porta e diga: ven comigo. Creo, mais non sei xa como repetir preces. Penso en Deus en silencio e se el non existe, que veña aquí dicirmo. E antes, mesmo os que viñan

aquí trémulos, primeiro oíanme. Despois fuxían sen ollar para atrás e a algúns gustaríalles acender o lume debaixo das miñas carnes. Ás veces é nin esperar. Sería bo fechar os ollos ao por do sol e abrílos no medio dunha tempestade. E non ver nada ao sentir o tambor da tronada. Mais desde que mudaran o rostro e os nomes dos deuses, chove escaso, taxado. Do que roza o meu corpo envellecido, aprendín a separar o sopro do vento do arfar do Espírito. Sei que, raro, mais sempre, el pasa, e é bo. Despois, nin iso. Algunhas mulleres de roupas negras cruzan leiras por aquí e gritan do lado de fóra: deus pasa, abonda oílo! E eu que só, aquí, agora vexo a través. Fecho os ollos que abertos non distinguen o día da noite e espío o insondábel. Logo calo, pois xa non é crible o que eu fun. Na miña morada de madeira e palla, na que xa só quedan algunhas palabras pegadas no chan. Quen anda pola casa coma min descalza, sente e lembra. Cega das cores é polo tacto da pel como me chega o sabor e o saber. O meu corpo que home ningún non tocou polas súas delicias. Nunca fomos moitas e hoxe a conta de quen somos cabe nos dedos das mans dun meniño. Un día a última de nós gritará ao vento o nome de todas. E será como nada. De quedarmos nalgunhas historias que as avoas lles contan aos netos, xa será bastante. Ao tempo en que había por aquí crenzas no lume e na terra, eu berraba dende a miña porta un nome, e el viña. Agora durmo en branco. Fomos... é iso. Un vaso de auga dado no oco das mans de alguén xa sería tanto. Mais, quen?

*Márcia Nogueira - carta persoal*

## *Xacigo*

Aos mortos de aquí dámoslles lugares eternos ao lado dereito da igrexa da aldea. Así, que de onde dormen nosos pais vexan as torres que fixemos, vexan os niños dos paxaros e as mazáns penduradas dos gallos das árbores que os seus pais plantaran. Que vexan isto antes de ollaren a face de Deus. Que ao tempo das colleitas sintan outra vez o doce ulido do millo cortado cos nosos fouciños, levado aos silos para o gando dos invernos. Que oian de lonxe, como se á noite, o que cantamos cando os nosos pés pisan no lagar as uvas de cor clara. Que saiban da eternidade aquí, ao oíren onde están os risos dos netos dos seus netos.

## *Outono*

Aprendinlle á primavera a ciencia das cores. Ela dedicouse ao efémero: a flor. Eu, ao eterno: o morrer. Por iso ela se tingue con cores diluídas en auga pura e, eu, con lume. Se non me credes, reparade sen medo no que acontece. Todos os anos chega o meu tempo e as calores vermellas de agosto foxen para o sur. Cando pasa iso, eu roubo do sol os mesmos raios e con eles incendio, silencioso e sen calores, os campos do norte. Novembro é o tempo de meu reino e co sal da terra e o ar das estrelas goberno o mundo e encho de castañas o chan da Galicia. É cando eu lles lembro aos efémeros tons do verde que chegou o tempo de abandonaren as árbores e deixaren que eu revele nelas o interior de seu tesouro. Pois, despois do verde, traio a estes campos todas as variacións do ouro e do sangue de que son feitos os homes e a terra. E das súas cores retomo a tonalidade de todo. Devolvo á terra todo o que ela ama e, xuntos, frutificamos a súa substancia oculta dos ollos de quen colle a froita. Así facemos ata cando do alto dos montes xaneiro veña e disolva en brancos o meu labor de artista. É o tempo das grazas e a penas poucas cancións de algunhas vellas celebran os meus feitos.

Vós que vos vestides de cores claras en maio, vinde darlle á vida grazas comigo, e festexaremos a vida ao redor dos froitos e dos seus óleos. Ollade: cando eu teña pintado de ocre o corpo do bosque e deixado ao inverno o traballo de conxelar gallos secos, xa os froitos dos tempos haberán de ferver sobre as lareiras. Cando viñer o tempo en que os paxaros parten, eu serei no lugar deles o canto do silencio. Así fago cando fermento nos escuros da terra o que hai de sagrado na alma de Deus.

### *Tardes*

Iso alédame máis que nada: as horas do voo dos ouros da tarde. Unha fada en Lugo estende o manto da noite e antes de adormecer dilles ás estrelas: vinde cantar as cantigas da noite! Entón é a hora deses xogos sen data entre a luz e a sombra. O sol que empardece dobrando os montes e xa o rabaño e o pastor das nubes gardando na gabeta as cores que van do cinza claro ao escuro, e del ao azul case negro do resto que sobra do rostro do lume. Algúns paxaros dan os últimos sinais do día: pian aínda, mais agora ningunha femia atende o seu canto. Son paxaros que coñecen que a noite non chega sen esas cancións de cucos, de pastores e de mariñeiros. Outros buscan nas silvas, nos gallos das árbores dos montes o lugar do sono e do acubillo. Hai tamén os que prefiren os campanarios e alí dividen co son dos sinos un silencio que Deus prefire ás ladaíñas. É o momento e, cando eles calan, as curuxas saben que chegou a hora, e a noite é cando nos campos da Galicia xa non se distingue a diferenza entre una ovella e o can pastor. Mais, antes de todo parecer unha soa cor, todas as outras clarean a tea do horizonte. Acuarela efémera e, por un instante, próxima do triste.

Despois é cando no alto do ceo as estrelas lavan os cabelos antes de iluminaren o chan das nosas aldeas. E cando non hai máis luz, entón é cando todo brilla. Pois houbo un tempo en que a noite era un grande lume aceso.

### *Presenza*

Unha pingueira de chuvia. Acaso alguén, unha soa persoa desas que din no medio da novena: Deus me fala, parou entre un camiño e outro, de volta para a casa unha única vez. Parou alí, como se o mundo enteiro existise devagar e sen tormentas estivese comezando agora? Alguén deses que esperan anxos na porta de casa, acaso parou un día así para escoitar o ruído da voz do mundo que sae do chan? Alguén lembra ter vivido isto unha soa vez? Pois isto é Deus. Non fose por ser Deus, en nome de quen unha mínima, unha soa gota da primeira chuvia de novembro iría dos ceos facer aquí ese murmurio único? E quen existe nunha folla seca de olmo caída na estreita calzada do ombreiro de quen volta do campo e pasa, e marcha sen saber que foi por un segundo o lugar dun milagre? E ela cae do seu gallo no ombreiro de quen pasa e queda alí, trememente, por un momento antes de voar ao chan. Hai milagres? Velaí un. E hai horas que é como sentar no chan da terra e oír a alma. Hai outonos así e, entón, o silencio, súa morada, ven. Como o expirar do voo cando unha ave branca chega ao niño e pousa. Como cando un anxo silenciosamente imita o seu xesto e, na mesma árbore, garda as as e senta o corpo alí, cabo da ave: seu igual, seu outro. Bañado de luz, pois é un anxo, mais igual ao paxaro, unha ave máis, e soamente isto.

Alguén que en chegando á casa dun pobre entrase sen chamar e apenas dixese: vin. E sen bochicar apañaría un lugar ao redor da lareira. E despois de comer, como unha prece, como unha bendición, diría antes de botar porta fóra: nesa sopa de cebolas só faltou unha area de sal. E sorriríalle ao vento, a unha criatura e a un paxaro, sabendo que, el si, cando canta, profetiza. Entón, á volta, na lareira acesa de ramallos e pólas dun choupo reinaría un grande silencio. E el iría como veu, sen dicir sequera o nome. E, no entanto, entre todos, o corpo das mulleres, ese suave tecido do desexo, sería como se puidese oír o canto da pingueira cando cae. E oír a sombra da tarde e o seu lamento, que soamente ás aves e ás mulleres os anxos llelos revelan.

### *Festas*

Música feliz a desas gaitas e pandeiros. Ah, suave música estridente que espanta os cucos e atrae os elfos e as súas brandas almas. Músicas que arrancan de coiros e de madeiras nas mans e voces agudas desas mozas e deses rapaces vestidos de panos antigos, cando eles fan soar entre as pedras dos camiños da aldea, a dúo, de a catro, en grupos de cinco a sete, os anuncios ao sol, e aos homes da mañá da festa. E os aturuxos alegres son cando din entre sons de gaita e cantos, as palabras que recorden aos vivos que están vivos e todo pasa. E aos mortos que lembren de quen foran cando eran os que se deixaran ir de aquí, e aquí permanecen e non precisan durmir máis. Así cantan os que baten coas mans en coiros de ovella estricados ao lume. Que toda a alegría é isto e non é preciso cousa máis ningunha ca unha festa que reúna so os carballos aos vellos do lugar e dure polo menos o tempo de unha mañá de sábado ata a hora das altas estrelas no domingo.

## **Gaitas**

É preciso poñer todo esmero, reparar no máis mínimo xesto. Coida os teus dedos e todo o que eles fagan no tocante a percorrer as furas do punteiro da gaita de fol so o bailar de teu desexo. Un pequeno xesto errado sobre este teclado de sopros pode alterar o curso das estrelas. Cando me tomes e me invadas co ar dos ventos da Galicia, lembra isto. Pois algúns, ao me sopraren ás toas e sen ritos por non coñeceren os segredos do corpo que eu oculto cando soo, conxugan os maleficios do lado escuro da noite. Somos gaitas de pobos sen palabra escrita. Mesturamos a pel dos carneiros coa madeira de buxo e mais o mel. As mans do artesán que nos fabrica, tres días antes e tres despois, non tocan o corpo das mulleres. A aura que viría deles sería en demasía. Os que nos saben facer, ás veces soñan grandes eras. Entón profetizan o pasado e comen cos espíritos dos ríos, sopa e pan. Despois ven o vento e murmúralle aos escollidos: toca! Os nosos ecos aos oídos das aves e aldeáns voan lonxe, e os sons que saen de nós son a man con que os ventos alisan o rostro das montañas. Houbo un tempo en que os amantes que se unían por primeira vez cando ao lonxe unha de nós repenicaba, despois de cen anos, aínda ardentes, amorosos, avanzaban collidos da man contra a morte. E cando viñan os do Camiño de



Santiago, algúns soaban ao longo del os nosos aires, as nosas músicas. Entón porque dentro dos templos soan órganos e calan as nosas músicas, para que Deus, extasiado, non avivase o final dos tempos. Cando nos oíres, non penses en nada, pois isto compete ás ciencias e elas de nada coñecen a música. Supón soños: desvaría. Viaxa coma se o meu canto fose un barco. As velas de cor laranxa abertas ao vento. Supón soños de sentimento antes da palabra. A crenza esquecida da oración e acollida no silencio, como cando a esposa di a palabra "si". Escoita. Supón ter sido sombra. O rostro dun anxo cando dorme e esquece de camiño ser eterno. Un anxo. E alegre do soño que a miña música de madeira e ar arrola, soña que non acorda. Despois, esquece o que houbo antes e vélanos, en silencio, en gabetas coiro e prata. Ao cabo, somos, ti e nós, feitas das mesmas materias do mundo: madeira, vento, terra, auga, pel e mel.

*Angel Crespo - donde posa las manos.*

### *Gadaña*

Eses de mans rudas, coas palmas marcadas como a xeografía dun deserto e as xuntas dos dedos feridas de calos, fixeran de ti un símbolo da morte. E es, con todo, unha tan aguda invención da colleita da vida. Acaso non é luz a chama azul e laranxa onde a bolboreta toca o desexo das ás e morre? É no teu aceiro afiado en pedras duras onde o zume da planta ve a súa face. Gadaña. Un xesto e foise. Un breve pasar e listo. Despois, que as mans de mulleres de negro acarreiren ao longo dos verdes esas panadas. Os corpos que te toman nas mans para os oficios da sega traballan e, namentres, bailan. Dun lado para outro, arrandea a un lado e ao outro o dorso de quen ceifa ao rente do chan as flores da herba. E quen te teme, por causa de algunhas malas imaxes, teme tamén o viño, a vida e a profecía. Pois antes do teu pasar por eses campos de alfalfa veu o tempo da sementeira e do labor. Por iso a aurora, a chuvia e o arco da vella. Por iso o mes de maio e o recendo da herba seca. Pois aquí estiveran, entre cantos esquecidos

hoxe, os que xunguían os bois nun arado anterior á misa e á ladaíña e escribían nos chans da primavera eses poemas. Despois, os que te tomaban entre as dúas mans esperaban en vixilia o pasar da noite, cos ollos presos na cera da vela dos candeeiros. E, ben antes do oficio de coller, eles soñaban eses ritos sagrados de furia e sacrificio. Agora, se en nada máis de todo o que hai, nisto cres, chega ao rente da tona da terra o oído e escoita. Non oirás aquí máis que un suave canto-chan de monxes, como de moi lonxe. Lémbtrate deles cando repartires nas cortes da casa de pedra a comida das vacas. Pensa neles cando muxas ao oíres caer nos baldes o fío do leite branco de que se fai a vida e o queixo. Pensa neles cando na casa, despois das preces, colocares sal e pan na sopa.

### *Madeiras*

Cando eu era un meniño comecei a aprender eses oficios. Primeiro, ao urdir as miñas creacións, erraba tres veces en cada catro. E o meu mestre de artes viña e dicíame así: este é un oficio que entra polo corpo! El falábame ollando a madeira e non eu. Eu era entón unha criatura e quería ser perfecto sen ter que aprender. Levoume tempo descubrir que o saber chega como a cereixa madurece. E o mestre viña e víame suado de labor e odio entre as miñas mans imperfectas. E dicíame: Primeiro apréndese o que xa se sabe. É cando se desexa que as materias do mundo sexan como nós. É cando se anda polo camiño da ciencia. Despois chega o tempo en que se aprende o que non se sabe. É cando se comeza a percorrer a senda da sabedoría e se descobre que a madeira é a mestra das mans. É ela a sabia e, quen traballa o seu toro, o aprendiz. Oe. Escoita! E cando houber entre as túas mans e el un silencio anterior á prece, ela che dirá por onde ir. Pois ela é quen lle di ao artista qué crear cando se fai dun toro de carballo a figura dunha muller ou un santo. Hoxe soño ser cobre ou auga, moitas veces. E acordo no medio da noite e dígolle a Deus: se existes, transfórmate en madeira. Cando os magos me falan de iluminación, lembro eses soños. Deus é unha forxa onde todo é sempre o mesmo e outro. É o oficio quen entra polo corpo, dicíame o meu mestre de

artes. Moito despois eu vin a saber que era isto. E entallei no corpo estes calos da polpa da palma das mans e dos dedos. Cando el morreu e chegou a miña vez de ser vello. Nunca viaxei. Aprendín a ser dócil aos meus xestos de ermitán e agora sei: a madeira é quen me fai. E foi así que aprendín a crer no deus dos monxes que antes e despois de orar traballan coa terra, a pedra, o barro e o toro caído das árbores do campo. Os que apenas estudan e din preces apoiadas en mans finas namentres pronuncian palabras estrañas sobre un cáliz de ouro labrado para o viño, non coñecen o pasar de Deus. Falan do que cren sen saber, sen sentir. Pois a face de Deus ten corpos e a cotío son mans como as miñas as que tallan con amor o perfil de seu rostro. E se algo é eterno, ha de vir de mans gastadas con tenrura, gastadas na madeira, como as miñas.

*A la espera de Dios / Simone Weil, 82*

### *Trasgos*

Deixade que sexa así: unha noite de venres, nun día trece, no inverno, cando for lúa chea. Pois a min tíñanme falado de feitizos do mal e das súas cavernas, en lugares ata onde soamente chegan os que serven á escuridade. Saín para coñecer o mal. Andei moito e entre os misterios da vida nada hai que eu non coñeza. Mais a pura materia do mal, ela endexamais existe en parte ningunha. As súas fráxiles forzas son só as da ausencia de saber do ben. O ollar de fronte dunha criatura detén o poder dos sortilexios de Satán, porque a criatura vive do sabor da vida e os anxos do mal esvaécense cando nos esquecemos de lembralos. Os que imaxinan servir ao mal serven ao baleiro.

## *Bordados*

Ollade e apalpade cos dedos. Percorrede coa punta deles o carreiro da liña dunha cor: sinais da suma do saber coa arte. A muller que bordou este pano cansou e foi durmir sen descifrar a alma do que fixo. Mais o que ela non soubo lembrar vino eu dicir aquí agora: foi con estes fíos bordados cos que outra vez vencemos a escuridade!

## *Benigno*

Son dos vedraños. Ollade o cinza de miña boina negra! De tanto erguer a cabeza para os ceos e buscar nos paxaros os sinais da colleita, os meus ollos foran quedando así: azuis e mortos. Hoxe enxergo coa punta dos dedos, e se non tropezo nas pedras da corredeira entre a casa e o eixido, é porque os meus pés aprenderan a ler o chan. Cando lembro que envellecín e vallo para pouco, namentres cos outros bebo en pequenas cuncas brancas de louza o viño da tarde, que criei e comparto de boa gana, quero que eles entendan o que vin dicir. Xa non consigo poñer dúas vacas ao carro e o meu carro de vacas é o último da aldea. E pregúntolle a eles para que serven os días da vida dun home vello coma min, cando o corpo comeza a esquecer os oficios que transforman a auga da chuvia de xaneiro en leite e viño?

## *Liño*

Xa case non hai neses lugares, das que tomaban de dentro das augas as frebas do liño e facían con elas manteis de cor alba onde unha hostia era sagrada só de estar alí. Os seus antigos cantos de espadela resoan no medio da noite entre as voces do vento dos meses sen erre. As súas voces vidas dalgúns segredos dos oficios das artes galegas algunhas fillas esquécenas e poucas non. Como son a máis vella de aquí, de vez en cando as mozas procúranme. Queren oír vellas lendas. Queren saber mistérios coñecidos para seren silenciados. Pensan en druídas, en seres de antes. Soñan os oficios polos que en tempos despois de Santiago algúns corpos foran queimados ben máis ao sur de aquí. Falan cifrado, rosman conxuros e soñan descifrar o que imaxinan que exista enterrado so os cruceiros das encrucilladas. Entón, de vez en cando, no tempo en que eu tiña aínda forza de sobra nos pés calzados con zocos, guiábaas a un vello muíño e, despois, a un último esquecido tear, non lonxe de aquí. E mostraba aquelas ruínas e dicíalles, o mesmo que noutrora un home sabio, de tan vello: se queredes coñecer os segredos da vida, reparade o que sobrou aquí. Vede e tocade cos dedos eses últimos artefactos das artes do liño. Aprendede os seus nomes. Así se facía no tempo dos sabios e das meigas, e este era o poder deles. Ensinar a quen viña aprender como sementar na lúa acertada as sementes e esperar sen presa o tempo do ardor dos froitos. Tomar da planta a alma dos fíos e mergullar nas augas a súa urdime. Bater moitas veces sobre pedras, cantando conxuros. Fiar as frebas e sometelas a esas tramas, como quen

xera un fillo. Facer de fíos un pano branco de neve. Bordalos en punto de cruz. Eses eran os totens. Este o poder das mans. E eran noites de fiada e lendas contadas a carón do lume, cando o Nadal. Foi así. Ou vós pensades que era esfregando lámpadas ou invocando os trasgos como as mulleres de aquí vixiaban a vida, amansaban os medos e lidaban coas mortes?

## *Sol*

Ao sol, este poder ao seu tempo. Pois cando é o verán de xuño e chega cedo, e antes de rexer a orde do universo, como un rostro de luz, é visto desde as nosas xanelas sobre os montes e as nubes, é el quen seca a roupa das tarandeiras. Que aos vagabundos –eses que estenden o dedo e o nariz e marcan a dirección do destino deixando o sur ás costas e diante do peito o norte, e para onde nace o sol o leste e o poñente onde el se deita cada tarde– o sol sirva para establecer a vocación do destino. A nós, os que sementamos trigo, centeo e millo, que el nos veña para secar a herba, abenzoar o viño e albexar as roupas. Así, antes de completar cada mañá a obra dun deus, que el poña termo nos tendais ao traballo das mulleres. Por iso é fecundo o sol e nós o ollamos con devoción, cada día das catro estacións. Así adoitamos facer, aínda que nada máis fora con algunhas estrofas de cantigas de roda entre nenos e vellas, el non mereza máis que dúas festas ao ano, unha en xullo e outra en decembro: os seus solsticios. Por iso el é bo e bendito, e cando falta nos ceos de nubes por sete días, acordamos con cacharelas os seus fillos: o lume que facemos nas lareiras das casas, para sermos tamén creadores da luz e do poder do estrondo. El é a orde das cousas do alto, en canto non excede o seu anelo e non apresa a cor da palla nas follas do millo, e nin seca o chan o fluír dos regueiros nin na torre das igrexas os ovos das cegoñas. Coas sombras que deixa cando viaxa medimos as horas do traballo, as da comida e as do silencio. A cada sutil indicación de

súa ausencia no tronco dos carballos, aprendemos os tempos de todos os oficios. E cando son por aquí os días de soños, chamamos as mulleres da aldea a que consulten a carriza das pedras e a dirección da caída das follas secas.

### *Valados*

Saberían os homes celtas que eses valados aquí rectos, acolá entre curvas como un regato ao longo do camiño á sombra das faias e dos carballos, haberían de ser un día a casa das pínegas? Ao reuniren estas pedras planas cunha sospeitosa vocación de eternidade, cal dos mestres de oficio sabería imaxinar o que acontece agora co que fixeran dicindo aos espíritos das árbores: que sexa eterno! Agora eles son un abandono de entullo e a súa maior utilidade é seren xardíns de carriza que tornan a súa aspereza nun pequeno arco iris de cores tristes. Serven ao lixeiro pouso dalgunhas follas do outono e de morada a algúns pequenos bichos esquivos que, tal como os homes, acostuman durmir dentro de casas. Un día -hai moito tempo- eles serviran para demarcar os límites das propiedades e deslindar entre veciños os froitos da guerra e do traballo. Servían para afastar dos pastos a furia dos lobos e máis tarde separaran o ben do mal, servindo a imaxes de fe e de medo. Algunhas estrelas saberían encontrar a súa exacta posición no ceo da noite ollando dende o alto a disposición desas liñas deseñadas por man humana. Agora, cubertas de brión e mato, esquecidas entre as silvas e os espiños, muros doutros tempos que xa non demarcan cousa ningunha, son como restos aliñados de pedras sen rumbo.

Mais, ao non dividiren cousa e servindo de lar a algúns bichos do mato



e de chan a algunhas raíces, vellos muros esquecidos dos donos, tal vez isto sexa, á fin, a liberdade.

### *Piñeiro*

Ferín a punta do dedo no arame da noite. Despois volvín a todo isto: estelas e algúns froitos secos que os esquíos roen no medio da noite, cando os homes dormen e non hai perigo. Eles oran nos ocos do meu corpo e por iso entre nós, arrogantes nos montes, e esas peregrinas presas das raposas existe un amor infinito. Dubidádelo? Pois saíde de dentro das lareiras e do viño tinto nos escuros de xaneiro e vinde ata aquí! Dos segredos da noite, cando todo é frío e escuro e unha claridade silenciosa emerxe da aura dos campos, os que dormen coas xanelas fechadas non coñecen cousa ningunha. E así ignoran, entre os seus soños de adolescentes, tres cuartos dos misterios do mundo. O outro lado da va ciencia e da arte vive no saber dos seres que andan na noite os dedos e a boca na terra e arrincan de alí os sucos de que os homes viven.

## *Viños*

Vai alá fora o frío dos tristes. Mais aquí, nós gorecémonos entre paredes de pedra para tomarmos xuntos ao redor do lume este viño escuro. Un día el fermentou nos sotos das nosas casas, e agora por el dicímoslle aos outros: ven, senta aquí! El, viño das uvas do outono, é por quen andamos so as lúas crecentes preguntando ao deus Pan polo azucre da nai terra. Así, navegantes, aquí nos congregamos como na nave de Ulises rumbo a Ítaca. Como nun templo grego dedicado ao ardor da vida. E bebemos, entre brindes ruidosos en cuncas anchas de barro e soños, esta espesura das augas entre a lágrima e o sangue. Non porque sexa bo. E é bo. Mais é porque tomalo aquí xuntos como agora, nos salva do esquecemento. Soíños e infelices beben os que queren esquecer. Nós, congregados ao calor dos corpos, celebramos o beber e bebemos para recordar. E como tomamos en serio algunhas leccións da morte, en nome dos que amamos sempre e que se foran, bebemos o viño em canto estamos vivos. Cando a noite chegar -e iso nos lembrará alguén de nós ao ollar o tempo preto da xanela- será a hora da sementeira. Cando chegaren á aldea os escuros ventos do mar aberto e o amarguexo do sal, as súas mans de vidro non nos haberán de xear o rostro. Ergueremos á vida os vasos. Haxa vida! E apenas quen estiver aquí e ouse dicir connosco esa palabra poderosa de maxia: agora, estará a

salvo. Fóra as mulleres a quen bastan o té, os chalés e as lareiras. Velaí a palabra entre todas a máis arrepiante. E é preciso pronunciala en roda con outros, á volta da mesa, entre ritos moi antigos. Pois só de dicila como nun conxuro, como nunha pregaria, o tempo presente pode esconxurar os tempos e permanecer sempre. Como o viño xeneroso dentro de boa pipa nunha adega lonxe do furor do pasar dos días. Velaí o grande perigo que imaxinamos vencer aquí, entre voces e viños: establecer como por un engano a eternidade antes do tempo. E, así, perder para sempre o dereito ao efémero, en nome de quen namentres bebemos entre nós o viño tinto, sabemos que somos ao mesmo tempo os fillos e o destino.

### *Corredoira*

Os netos dos fillos dos avós que abriran aos catro ventos nos montes estes fíos de camiños de liño no tear das serras, agora transitan por eles. Primeiro foran os tempos rigorosos. Era cando as pedras precisaban ser arrincadas da terra coas mans e madeiras duras. Non existían aínda estes ferros temperados a lume nin se vían ao lonxe esas labranzas largacías. De vez en cando nas aldeas había fame e era preciso acender grandes circos de lume e esconxurar con preces e fumazos de herbas algún mal aire vido do norte. Foran os tempos dunha grande escuridade dunha noite entón indomábel. E era cando andar por eses ermos esixía unha coraxe descoñecida dos cruzados. Os primeiros labregos de quen herdamos as ferramentas e a cor da pel atravesaban estas finas teas de vereas abertas antes do trigo e do incenso. Antes da doma completa do cabalo e do lume e do dominio sobre os males da furia dos ventos. Eran tempos en que terán pasado por aquí pobos de lonxe, de cuxas falas murmuradas coa lingua entre os dentes nos quedaran catorce palabras. Deles herdamos este estraño nome: *corredoira*.

## *Chavielos*

Os regueiros dos montes moven augas. Eu movo muíños. Por tres séculos o meu pasar de lágrimas límpidas, saídas frescas da raíz da terra, moveu a moa da vida. E que entre o xesto relixioso do muiñeiro e o cantar rouco da esposa na mestura das miñas augas co virar do rodicio e seguir monte abaixo mesturando augas e fariñas, iso era a miña alegría. En busca do Tambre e doutros regueiros veciños, en terras baixas da Galicia, os regueiros das pequenas serras do sur fanlle eco ao ruído do seu cascallal de pedras puídas. E as pedras choran no pasar do río o non poderen, como as follas caídas no outono, viaxar co corpo da alma deica o mar. Eu, o Chavielos, pequeno regueiro, sei mesturar o boureo dos meus sons de augas breves co canto das capas dos muíños de pedra que os homes ergueran a cada lado do meu paso. Atraveso aquí lixeiro e único e fago xirar rodas e destinos. Hai un pouco do meu cantar no pan que as criaturas comen nas aldeas. E o sabor do correr das sementes que eu cargo monte abaixo tempera o riso das mozas de longas saias. En mañás de raro sol algunhas veñen lavar en min as mans cubertas da poeira branca do pequeno milagre coa que as avoas despois cocen nos fornos a materia da vida. Os outros son regatos de peixes. Eu, de pan.

## *Amelia*

Derramo no chan sobre un pano que a nai de miña avoa teceu estas doas de ervellas brancas e antes que anoiteza separo, encurvada como agora, as pedras e os grans. Cuberta co chapeu de palla que eu mesma tecín, vestida de moitos tons de negro, collecciono coa punta dos dedos esas fabas brancas que despois os meus comen entre a xornada da mañá e a da tarde. Algunhas veces digo, namentres fago isto, algún rezo. Mais case nunca, non. Sei que, se hai un deus, el está máis atento ás falas dos xestos que ao baleiro das palabras.

## *Lareira*

Algunhas casas aínda gardan, como o altar e o sagrario, esas tesituras da sabedoría das pedras. E elas son o sinal de que algo do que os homes fan pode soñar ser eterno. Cando, pois, alguén de lonxe che pregunte a ti: que te leva a crer no eterno? Responde: esas lareiras de pedra que quedaran nalgunhas casas da aldea.

## *Oficios*

Foi daquela. Falaban do esquecemento e de meigallos e feitizos. Falan aínda. Pensaban entre murmurios nos exercicios con que os fillos dos faunos exercían poder sobre o lume e a bágoa. Foi antes, tempos antes. Tecían crenzas sobre como dirixir co espírito a andaina errante das nubes e o das augas por baixo do corpo escuro da terra, entre os sete metais da alquimia. Viñan ata a miña casa, separada da aldea, nalgunhas noites e preguntaban con receo nos ollos sobre tales asuntos. Despois sentaban como criaturas ao redor do avó e esperaban o silencio. Antes de falar eu, atizaba o lume e tomabamos té de follas amargas. Bebían de vagar e esperaban en van veren saír das miñas mans o veo do misterio. Como eu non tiña nada que lles responder, deixaba apenas que viñesen e repetisen a volver, como a misa, como a anada, ata estaren cos pés quentes na brasa do desexo. Entón, onte en sendo noite, eu á fin faleilles así: Que viñestes coñecer? Queredes saber da maxia? Queredes coñecer se cadra os segredos de súa dobre alma? Queredes entrever ao menos un oculto instante da evidencia do seu

poder submiso a un xesto de dúas mans? Poderedes soportar un entreabrir que sexa do ollar fugaz da súa claridade? E o máis vello deles dixo en nome de todos: Si! Móstranos isto, onde estea! E eu respondín: Pois ide! Voltade polo mesmo camiño ao local de onde viñestes. Saíde axiña de aquí e retornade ás aldeas de pedras e de lama no inverno de onde saístes. E andade por alí. De vagar, como alguén que, en chegando, sabe que non foi a ningún lugar. Vagade por alí. A primeira vez camiñade como viaxantes, peregrinos, sen a presa dos mozos ou dos que imaxinan que hai sempre un milagre mais adiante. Ollade como se fora primeira vez cada cousa, entre a espera e o silencio. Vede cada pequena miudeza do mundo como quen veu de lonxe e non chegou aínda. Volvede ollar como fillos da dúbida e do asombro. Camiñade senlleiros, sen ninguén ao lado, os pasos do susto e da demora. Facede así ata que unha inmensa sede vos leve á fonte. Bebede daquela como quen se salva dun naufraxio. O que queredes coñecer rodéavos, vive a pé vosa, e nunca o vistes. Védeo agora! Observade os ritmos do virar da vida, atentos ao florecer dun lirio como quen espera a volta dun Mesías. Esquecidos do tempo procurade os sinais do milagre no que restou, deixados en marcas nas madeiras: nalgúns deseños antigos, como letras, como riscos, xestos de rostros tallados na pedra. Unha ou tres físgoas imprevisíbeis talladas coas unllas na carne do ferro. Ah! Lembrade como el resoa e chía cando se arrefría nas augas que o transforman en arado ou fouce. Despois, ide sen presa ver os que, coma vós, levantan o sol da mañá cos sons dos seus oficios. E o que tiverdes aprendido de ver, se souberdes preguntar, isto será a vosa resposta. Ide ver como os homes de boinas negras cuspen nas palmas das dúas mans e, armados de arados e de grades completan na terra a obra dun deus. E, como el outrora, fan isto en silencio, pois pésalles o que crean. E é como se dixesen: 'o que Deus fixo en sete días eternos nós seguímolo facendo nos outros infinitos tempos de sempre. Podedes oír e ver. Podedes tocar a obra da terra e os oficios dos homes. Iso é todo e máis non hai! E, ao me oíren dicir isto, algúns fóranse e non voltaran máis. E outros non, e ollábanme con frases de desencanto. A estes díxenlles aínda: Tocante á obra dos magos e dos feiticeiros, deses que conxuran poderes en linguas sen gramáticas, dicídeme: que restou das súas obras en que unha muller da aldea poida recoñecer a alma do seu pobo e o zume dos seus días? Onde está aquilo que se di que fan, aquilo de que se poida anunciar, como o home da terra: en abril haberá flores; en xullo, o grao. Nada! Eles



son o lampo dun lóstrego condenado e fundan a orde de ningún lugar. Son máis efémeros que a floración da alfalfa e menos prodixiosos que eses panos brancos que as vellas tecen con fíos de liño para cubrir os moletes. Camiñade para lonxe dos magos entre pasos de espanto e de quimera. O imprevisto sempre chega un día, e mesmo o que non abre os ollos, ve. Queredes crer no poder do misterio? Acreditade nun prato quente de grelos con patacas. E eles fóranse. E algúns observaran por primeira vez as xanelas das casas onde moraban e o suave labor dos canteiros á volta delas. Pasaran dedos ásperos por enriba dos sucos dalgunhas pedras alisadas alí coas mans de moitos meses. Encostaran os rostros de barba escasa na aspereza do tronco dalgúns carballos, e despois tocaran, como quen di a prece, a perfección dos encaixes da madeira dunha mesa. Dous ou tres pasaran media mañá observando a difícil ciencia das fechaduras. Outros rozaran varias veces o rostro en pezas de coiro, esa tan fráxil folla da vida. Pedíranlle ás mulleres que abrisen arcas e se envolveran en panos de veludo. Outros foran aprender a facer coa cera das abellas as velas da noite. E, cando ela veu, congregados ao redor do lume de leña de piñeiro colléranse das mans e oraran xuntos diante do sagrario das artesas. No oco do barro beberan viño con quen comunga. E cando na sala da casa viran a filla tecendo unha colcha de fíos de cores, un deles lembrouse de dicir: vinde ver o lugar onde Deus aprende a armar o arco da vella!

## *Albanel*

Ergamos o hórreo! El dicíalle aos de Salaño Grande, como quen convoca os veciños para a vendima despois da tempestade. Como quen descobre, despois, que soño non consegue abrir posto á mesa a botella de viño. Tres tempestades furiosas e mailo vento que as trouxo do medio do mar derrubaran o hórreo cheo das espigas curadas do millo de novembro. E debaixo das chuvias quedou e alí estaba, tombado no chan como un corpo morto, pero enteiro. As súas pedras e madeiras. E algúns meses despois de todo as herbas do campo viñeran mansamente a el, para saberen se xa era chegada a hora de comezar a cubrir coa espesura do verde a súa coiraza de arte e dozura agora en anacos. Pois velaí que todo, a pequeniña arquitectura das pedras talladas, o pináculo e a cruz e mailas madeiras dun vello carballo dos montes, todo, o vento deixara desordenado. E foi como se o mundo enteiro perdese a súa orde porque nalgún lugar do norte da península un vello hórreo estaba en desaliño, caído no chan de pacer as ovellas e da sementeira do centeo. Como unha igrexa destruída, como un raro xogo de armar dun meniño, empurrado para o caos polo xesto de dous dedos cruzados, despois de armalo con tanto empeño e celo. Mais, se un sopro enganador da chuvia de novembro fixo isto en cinco segundos, en seis horas dunha mañá de

sábado comezaremos a soerguer de novo o hórreo, pedra a pedra, pao a pao. Isto dicía aos de Salaño Grande Juan, o albanel. E chamaba ás portas e aos veciños dicíalles: vós vindes? Algúns foran. Hoxe na punta da cruz de pedra repostada algúns paxaros emigrantes pousan antes de voaren en bando ao sur. Sábese que nos seus cantos eles relembra o que houbo en Salaño Grande.

### *Terras*

Inxustas esas persoas que con palabriñas de azucre e con xestos mexeriqueiros entre sedas de tenrura falan sobre flores, a miña creación máis difícil e a máis efémera. Algúns cultivan os talos e din que limpan da terra os seus detritos. Eses delicados! Son madre da vida, eles saben, cóntalle aos outros, pro despois esquecen. E lávanse coas miñas cores, cando chegan, nos estanques das casas. Tamén teño recendos, cheiros que non son para o nariz dos que aparecen aquí con polainas e armiños. E os cantores da vida e esas aparencias de arco da vella postas nos pétalos das flores do campo son para as renarterías das abellas e dos paxariños. Que eles veñan cos seus voos e o polen preso nas súas patas se mesture e fertilice a alma do froito. Os que buscan o recendo das flores pouco saben que o meu ulido máis vivo e verdadeiro é o de min mesma mollada coas augas de outubro catro días antes da lúa chea. Tamén eu teño cores e o que fago é dispor como nai e meiga as miñas flores e despois, do lado de dentro da casca dos meus froitos, tinxir de laranxa, vermello e verde a carne vexetal da vida. Son case branca, son irmá da neve na beira dos regueiros de areas e augas de cristal. Pro son escura como a primeira

noite do mundo no fondo dos bosques ermos onde aprendín a ser fértil como a auga. Son vermella aquí e alí, irmá do sangue dos que chegan e collen das miñas árbores a sombra, a flor e o froito. E sei tamén ser, cando é preciso, dunha cor igual á morte, ou igual ao mel.

### *Tambre*

Augas de memoria! Logo de dobrar a novena curva a xeografía dun río maior ca min camiño do mar, os ríos doutras terras acostuman esquecer o chan de onde viñeran. Eu, nunca. Viaxei demasiado ata aquí e tocante ás miñas orixes de nada me esquezo. Ollade. Agora mesmo estou para chegar coas miñas augas ao encoro que por un momento acalma o meu ardor errante e aprisiona a ilusión de que eu me tornei un lago. Non esquezo nada. Recoñezo das miñas marxes o rostro verde e habana reflectindo a figura debuzada de cada árbore, de cada ave, de cada alma de nube. Chístame recordar, meses despois dun día primeiro, o pasar lixeiro dun bando de parrulos en viaxe ás augas máis quentes das paraxes da África. As cegoñas que por momentos me atravesan voando na viaxe de ida e, meses despois, no longo tempo do retorno, do alto me espían. E sabede que eu endexamais esquezo a filigrana de seus voos. Os ríos do acaso viaxan entre serras e chairas unha efémera e fácil xeografía. Eu movo as augas escritas da miña inapagada historia.

## *Carballeira*

Daquela? Reparaches ben, amigo, ao chegar aquí, neste castiñeiro alto, o meirande de toda a redonda? E esas maceiras da horta, enredadas de pequenas flores brancas en agosto e que no outubro penduran pencas nos seus froitos vermellos e amarelos ata case os gallos pousaren o rostro no chan? E as figueiras? Viches ti encostados nalgún vello valado de pedra beira das corredeiras estreitas das aldeas os seus pequeniños duros froitos aínda verdes? Hai peros e peras ao longo da vereas despois do lavadoiro de Ons de Abaixo, cara ao monte por onde navega aos saltos o río Chavielos. O que estean hoxe descoidados do labor dos homes non quere dicir que non cubran o chan de froitos á volta das súas copas. Ti terás tropezado con silvas ao longo dos camiños se acaso chegaches ata aquí vindo do monte. Fose o tempo das amoras poderías vir, como o neno de conto de fadas, catando amoras, comendo e tinxindo de morado os lados da boca. Ves como algunha froita pende aínda das polas e aos poucos podrece, namentres outra, estrada no chan, mestúrase coas follas do outono e o tecido da terra escura? Pois así é. Houbo un tempo das ovellas e os mozos de aquí eran pastores

como nas lendas. E a alegría era o cariz dun can de ton cinza. Tempos de vacas mansas, cor da terra vermella. A nosa terra eran os montes e eles estaban cheos da vida cando os paxaros cantaban para os meniños responderen con asubíos. Algúns, eu tamén, teiman en vivir. E aprende que envellece neles, como en min, unha canción que nin as pedras das estradas saben descifrar. É cando diante desta carballeira eu anoitezo contando casas valeiras como estrelas do ceo, con medo de que un día non saiba xa como relembrar.

### *Chapeus de palla*

Son tan diversas e son sempre as mesmas as tribos da terra. E é nos chapeus que algunhas mulleres levan á cabeza -haxa ou non sol ese día- o lugar onde está, como nas bandeiras dos días de paz, o que mellor Tdi de quen somos. No mercado en Tánger as mulleres dun distante pobo bérber, deses que atravesan desertos e areas para viren vender dátiles e ler nas mans a sorte, escóndense do sol con amplos sombreiros de palla de grosos fíos entretecidos de las escuras de camelo, con barbadela de liñas tinxidas e grosas, amarrados na dirección dos catro puntos cardinais entre a aba e a copa. Os seus maridos discrepan dos árabes, tamén seguidores do Profeta, porque se cobren con traxes curtos en que un guerreiro da Escocia se sentiría a vontade, mais sen dobras e tinxidos dun vivo vermello case carmesí. Venden auga fresca nas rúas e nos mercados e dependuran na roupa os tanques de que se serven os transeúntes. Os chapeus de palla das mulleres chaman de lonxe a atención nesta terra onde é con panos como elas se cobren do ardor do ceo e dos ollos de lume dos homes. En Tánxer os chapeus case parecen unha pequena festa tropical e, a quen teña estado nos desertos do norte de México, lémbrenlle os sombreiros de palla dalgúns pobos

indios zapotecas. Recordan aínda, pro sen tantas cores, os sombreiros que as mulleres de Galicia locen sobre os panos da cabeza. De palla tamén e sempre con unha única fita negra. Alá, onde ao contrario que en Tánxer e no norte do México, só hai desertos nos libros das escolas e o sol apenas unha vez ou outra vence o chapeu cor de cinza con que as nubes cobren o rostro e o corpo verde e feminino da Galicia.

### *Oliveiras*

Os de hoxe non saben facer nada, dicía entre chupadas ao cigarro, como quen non dubida do que fala, un vello que se anuncia: xente daquel tempo. Un home no tren entre Túa e Mirandela, cando as sendas percorrían terras ao longo da beira dun riacho. Entón, cos dedos xa curvados como o gume dun fouciño, el apuntaba ao veciño de banco e a todos os outros poucos viaxantes do vagón, os outeiros dun lado e do outro da estrada, de carreiros estreitos e do regueiriño de augas claras, brincando como de festa en busca do río Douro. Caendo a pico da beira das pedras do corgo, os outeiros tamén de pedra e pouca terra escura escalan os altos riscos e foxen do tren lonxe ata os ermos. Algúns están plantados de oliveiras como se Cristo por alí pregase, falando en peixes e pans sen lévedo. Ora, para reunir e manter xunta a terra suficiente a cada pé de olivas e evitar que coas chuvias de xullo os terróns escorran monte abaixo, os homes do pasado edificaran difíciles socalcos de lascas de pedra áspera, amoreadas como se cada unha fose un pequeno forte á espera do inimigo. Nalgúns outeiros as oliveiras son moitas, mais nunca conforman bosques, de tal sorte que, mesmo entre tantas, cada árbore se sente solitaria cada unha na súa

porción de terra, cada unha na súa única terraza igual a todas. O vello no tren apunta os montes e pregúntase a si mesmo e a todos se os homes de agora, mozos lanzais e mestres de máquinas, serían capaces dunha tal proeza. E el mesmo responde que non, e olla trigueiro os ollos dos máis mozos. A vella de arracadas de ouro entre engurras e cabelos de prata concorda e sentencia: agora están aí as máquinas e elas botan a perder todo. E despois fecha os ollos, e soña cunha cociña quente, a lareira acesa e sobre a mesa, pan, sardiñas, viño e aceite.

### *Mariñeiros*

Somos pobos do mar. Mariñeiros. Velaí o que lle temos que dicir a Deus, cando un de nós sabe que a morte ronda a casa, a vela do barco, a auga no pichel, os zapatos debaixo da cama. El no noso nome di isto: nunca é sen un vago errar dos vellos e dos orantes doutros tempos como deixamos os ventos do Mar de Galicia mover o corpo das nosas naves. Somos pobos do mar, viaxantes de entre terras. Somos como a pregunta e o imprevisto, e antes de viaxar non consultamos nunca oráculo ningún. Queremos non saber onde imos chegar. Fomos ata onte a coraxe de ollar no escuro o non dicir pregaria ningunha a un deus cuxa face nunca pintamos nas madeiras da proa dos barcos en que imos para adiante. Sabemos que, se un deus hai, non hai porqué incomodalalo con asuntos que son nosos e do mar. Se alzamos velas, se bradamos como quen chama pólo vento, se levantamos os ferros da áncora e mal acenamos aos panos do adeus que as mulleres sacuden no porto, é porque sabemos que navegar é unha escolla e toda a viaxe é unha imprevista volta. Non facemos pregunta ningunha a ningún. E por iso, máis que magos, somos



o agoiro da profecía. Voltados ao sur e, vestidos de branco antes de anunciar palabra ningunha, partimos. Así pensamos que fan os que saben. De tanto ir e vir ao encontro de pobos estraños, aprendemos a ler no mapa deserto dos mares algúns sinais inefables na nosa lingua, e en a penas tres ou catro poemas que sabemos cantar de noite, pro sen saber traducir o que din os seus versos. Quen viaxa, profetiza, iso é todo. E deus é aquel que navega despois de nós. Entre os pobos de aquí e de máis lonxe cegamos os ollos de tanto ver o sol e bañar de sal o noso rostro escuro. Non nos tomedes por sabios ou meigos, pois non conxuramos durante a madrugada os poderes da norma ou da deshonra. Isso é o que fan os que erguen en terra templos de pedra e tremen de medo. Co ollar e os dedos é como seguimos o rumbo das estrelas. Viñeran tratantes do oriente a nos vender descoñecidos artefactos con que os astros din en cifras e números o rumbo dos navíos. Non compramos. A estrela de Antares nos aquieta e é pola converxencia doutros tres astros do ceo, cuxos nomes nunca se poden escribir, como sabemos onde estamos. Pro ningunha estrela nunca nos dixo ningún día para onde imos. E co sino dos tolos e dos errantes, pronunciamos respecto da morte a palabra: agora. E so a tempestade dicimos a quen sexa deus ou nada: sexa. Dicimos esta palabra acompañada de rito ningún, ou de palabra ningunha de quen teme.

## *Rosalía*

Falo das orixes. Soñei un soño que me soñaba. Eu aínda nin era e foime dado vir vindo ata aquí. O escuro custaba saír e era inverno de outro ano. De outro tempo. E eu vía o que entre esas casas de aquí había e era inverno. E sen saber como, eu procuraba facer o traballo das mulleres. Que elas tivesen e eu non aínda as roupas de muller, tinxidas da cor dun negro que dá ao corpo do volume da noite, pareceume o meu pesar. Mais o tempo de carpir non era aínda. Que estivesen elas con eses panos tamén do mesmo negro e os sombreiros de palla, pareceu de repente o meu pecado. Foi cos ollos no chan como andei pola casa entre elas. E porqué será que cando a chuvia veu, ela mollou os seus liños, as súas las, e as miñas non? Oín que algunhas falábanlles ás outras dos seus homes mortos. Falaban de outros,

distantes, errantes noutras terras, do outro lado do mar. Terras de sonoros nomes alén da nosa xeografía. Quen non ten a quen chorar é orfo. Eu tiña. Foi dicir eu iso e por primeira vez elas olláranme e algunhas sorriran. Unha delas dixo: agarda, espera... E elas facían os seus labores e era só por eles que a tarde tardaba en marchar. Eu apertaba o ubre das vacas e saían palabras. Daba nos campos, como elas, coa gadaña nos feixes de trigo, e reunía monllos de frases. Na outra casa en que me abriran a porta eu entrei e acendín o lume da lareira. Acendín o verbo, un verso, non sei... un canto. Cando deu un sino en Bastavales –serían as sete– cubrín coas mans o cara. Cando abrín, había este poema. Así foran as orixes. Cando no sonho de quen fun voltei aos aires de onde vin, ousei dicir a quen distribúe as almas entre os destinos: hai un lugar onde corre un pequeno río sobre claras pedras. Unha árbore de corpo retorcido. Un bruar de vacas, unha fonte de pedra e algunhas mulleres, como en Cafarnaún. Alí quero estar. E el dixo unha palabra: vai! A morte veu cedo, mais non tanto. Eu esperábaa como quen no porto agarda un pai que partiu hai tempo, nunca escribiu e agora volta. Deitada na cama, pedín que abrisen a xanela. Que desde Padrón eu vise o mar. Non vin. Mais foi cando de novo o sino de Bastavales tocou ás sete. Fechei os ollos e entón o escuro era toda a luz.

## **Adendo para lembrar**

Estes escritos de poemas de um conjunto com um outro nome: cantos de oms, foram passados à mão de um caderno de capa dura, azul e negra, para um outro, com este novo nome: a terra do fim do mundo, durante os dias 22, 23 e 24 de dezembro de 2003. Foram completados na noite de natal, sob chuva, no rio de janeiro, onde nasci em abril de 1940. No caderno original estava escrito: nomes: as lendas de oms, as fábulas de oms. e estava escrito também isto: eldorado, 24 de maio de 1997. Mas o então primeiro poema, o deus sonhado (sobre Angel Crespo) está datado assim: Foz, janeiro de 1997. (era em Foz, no litoral da Galícia, havia uma grande tempestade boreal e eu havia ido passar sozinho o natal e o ano novo de 1996 para 1997. Como eu me lembro de haver retornado a Santiago e a Santa Maria de Oms no dia 3 de janeiro, terão sido os primeiros dias de sua escrita. Assim sendo, quero crer agora que os escritos deste livro foram iniciados em Foz, diante do oceano, na Galícia e revistos em Eldorado, no vale do rio Ribeira, em São Paulo, alguns meses mais tarde. terá sido quando comecei a reunir alguns escritos trazidos da galícia com outros, escritos antes ou depois. alguns vinham de apanhados e fragmentos de poemas e lendas a que dei nomes provisórios como lendas, ou os cantos de oms, datilografados em algum lugar. Ora, depois de tanto tempo o conjunto fragmentado de poemas inacabados foi trazido para uma nova estada na Europa, entre 20 de setembro e 17 de dezembro de 2006, e começaram a ser concluídos em Paris, em casa de minha filha, Luciana. Depois de tudo e de tanto, o livro foi afinal concluído entre minha casa no

bairro do Cambuí, em Campinas, e a Rosa dos Ventos, no Vale da Pedra Branca, na cidade de Caldas, no Sul de Minas Gerais.

*Foz/Santa Maria de Oms/Santiago de Compostela/Paris*

*1992/1997/2006*

*Eldorado/Campinas/Caldas*

*1997/2006/2007*

